

X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ (1915-1985)

2008 LETRAS CALEÇAS



AMIGO

Pol-a estrada de Pazos
qué ledou vou, ai, madre!,
levando ás miñas costas
un fato de cantares.
Pol-a estrada de Pazos,
ai, madre!, qué ledicia,
co mar azur embaixo
i-o ceu azur enriba.
Pois xa sabes, ai, madre!,
vou ver ao meu amigo
e rubo a longa encosta
ledo do meu camiño.
Ledo do meu camiño
de Pazos de Borbén,
ao meu amigo, ai madre!,
qué ledou falaréi.
Mentres rubo que rubo
-ai la-ri-la, la-ri-la-
penso no meu amigo,
ai, madriña!